

Tres poemas

DIANA VARELA PUÑAL*

CANTO Ó HOME

Que nunca falte o home que refresque
a mañá con loureiro de ramos
e sosteña a mirada firme da muller que ama,
que eu, muller, agradezo o home.

Ríndome á música impregnada entre as sabas
e ós bicos de froitas antes de ir ó traballo,
ríndome ó despertar poderoso do home,
ó peito dourado e á voz grave.

Non esquezo tampouco que custodia a semente
que danzando na auga nos fai creadores,
camiñantes inxenuos na procura da Gloria,
perpetuo posuidor do ventre fecundo.

Homo creaturus,
por ti, a beleza da luz e da auga,
da primavera e da xuventude,
da risa e da calma.

Para ti,
a ofrenda dos meus días, as miñas palabras.

***Diana Varela Puñal** naceu en Corme, unha vila mariñeira da Costa da Morte. Alí estudou ata os catorce anos, marchando logo para A Coruña onde rematou os seus estudos. Fixo a carreira de Dereito nesta mesma cidade e actualmente exerce como avogada. A súa paixón pola literatura tena desde moi nova, cando lía con degaro todo o que lle caía nas súas mans, desde Rosalía, Pimentel, Novoneyra... e máis tarde a Xeración do 27. Miguel Anxo Fernán Vello adicoulle unha páxina no *Correo Galego*.

COMO SAN MANUEL BO, MÁRTIR

Hei loitar contra a dor coa armadura que alguén me prestou,
que ninguén coñece o inimigo como eu o coñezo:
aprendín precoz que a misión de absorbela comeza e remata en min.

Transformarei en ledicia todo o que vexa, todo o que sinta, todo o que toque.
As miñas palabras arrepiarán a serpe ata consumila,
que o meu é un canto de redención: *ego te absolvo* de sufrir,
un credo nos paxaros que escoito dende a cama
e nos cachiños de mar durmidos nos labios da primavera,
un himno ó sol, ó xasmín, á choiva...

Hei cantar mentres viva ó arrecendo dos días,
que o meu é un canto de ledicia,
un canto de esperanza terreal, de salvación.

COMO OS AMANTES DE MONBÒSC

Agora sei que permaneceremos na historia como os amantes de Monbòsc
e que o noso amor, igual có deles, está gravado no tempo coa tinta indeleble que os
dous creamos.

Ninguén será capaz de atopar un só poro indefenso entre nós:
non hai dúbida, nin rancor, nin reproche, rendidos xa a descubrírnos,
que o amor está por riba da fraxilidade da mente e do corpo
se humildes aceptamos a súa inocencia, a súa maxestade.

¿Cómo non crer na eternidade senón pola grandeza de atoparnos?
Non haberá elexía nin portas que se abran: tendidos nun leito de pedra ou voando
entre soutos,
o debuxo do teu corpo no meu sobrevivirá ó accidente da morte,
e será igual de libre e poderosa a enerxía do home e muller,
valentes guerreiros inmortais,
que somos.